

ÁREA DE
SERVIZOS XERAIS

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



2482/440

EXPEDIENTE: 2482 / 440	TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS
	SOLICITANTE: Fomento

INFORME:

O 11 de xuño de 2014, o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu orde de servizo, para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación das obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo, que ten por obxecto a adaptación de diversos pasos de peóns á normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

O orzamento base de licitación estimouse en 58.794,37 euros (IVE incluído), segundo a memoria valorada do enxeñeiro técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de maio de 2014 aprobada pola citada resolución do Concelleiro-delegado.

Consta no expediente a acta de replanteo pertinente asinada polo enxeñeiro técnico municipal da OSPIO con data 17 de xuño de 2014.

O 19 de xuño de 2014 infórmase pola Intervención Municipal a existencia de saldo de crédito dispoñible para atender o gasto.

O 20 de xuño de 2014 se publica no Perfil do Contratante da páxina web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do procedemento de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 28/06/2014.

Atendendo as Instrucións sobre a tramitación de contratos de obras menores na Área de Fomento, na sesión pública do 7 de xullo de 2014, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen a documentación persoal e proposicións económicas presentados polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas é a presentada pola mercantil ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), por un importe de 41.743,00 euros (IVE incluído). Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante da páxina web municipal o 8 de xullo de 2014.

Nesa mesma data, se remite por correo electrónico a acta ó citado licitador, xunto co requirimento de que aporte xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no art. 96 do TRLCSP, nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do da notificación -consta a recepción do correo polo licitador o 09/07/2014-.

Segundo mandamento de ingreso nº 201400051630 de data 10 de xullo de 2014 (dentro do prazo conferido), ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 1.724,92 euros, para responder do cumprimento do contrato.

Á vista do exposto, faise a seguinte

PROPOSTA

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo" á mercantil ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., por un importe total de 41.743,00 euros, IVE incluído (Base imponible 34.498,35 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.244,65 €), por ser a oferta economicamente mais vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricta suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 11 de xuño de 2014 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **41.743,00 euros** (Base imponible 34.498,35 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.244,65 €) para a realización das obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo, a prol da empresa **ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (B-94.097.268)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1550	2100000		41.743,00	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL.

Páx. 1 de 2



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 2482/440

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 18/07/2014 08:21 Páxina 1 de 2

Código de verificación: 2CE83-B42CC-3855C-84BB4

ÁREA DE
SERVIZOS XERAIS

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



2482/440

3. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcar-la totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
4. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante da páxina web municipal.

Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
5. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

SGA/

O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda
(Resoluc. 08/07/2014)

Mª Carmen Silva Rego





EXPEDIENTE: 2482 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

DECRETO

De acordo co sinalado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este Concello ostenta competencias propias en materia de "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" (artigo 25.2.d/).

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985 e Resolución de delegación da Alcaldía-Presidencia de 7 de febreiro de 2013 e Acordos da Xunta de Goberno Local de 8 e 15 de febreiro de 2013),

RESOLVO:

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo" á mercantil ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., por un importe total de 41.743,00 euros, IVE incluído (Base impositible 34.498,35 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.244,65 €), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricta suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 11 de xuño de 2014 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **41.743,00 euros** (Base impositible 34.498,35 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.244,65 €) para a realización das obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo, a prol da empresa **ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (B-94.097.268)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1550	2100000		41.743,00	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL.

3. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
4. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante da páxina web municipal.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
5. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

AC/

Asinado dixitalmente por
O Concelleiro-delegado da Área de Fomento

David Regades Fernández



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 2482/440

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 18/07/2014 08:07 Páxina 1 de 1
Código de verificación: 25EC3-D4BC5-3A555-AEDBA